



CONCURSO FOTOGRAFICO EN FACEBOOK E INSTAGRAM: “CAMARIÑAS, O MAR TODO”

Comparte as túas fotos de Camariñas en Facebook e Instagram e participa no concurso.

Prazo: do 16 de xullo ao 21 de outubro de 2012.

Participantes: Calquera persoa, maior de idade, de calquera nacionalidade.

Para participar: Comparte as túas imaxes, actuais ou non, realizadas por ti en calquera punto de Camariñas con dispositivo móbil ou con cámara de fotos. Engade o teu nome ou sobrenome e o lugar onde foi realizada.

- En **Facebook:** solicita amizade a : www.facebook.com/camarinastodomar, unha vez aceptada a túa amizade, sube a imaxe ao teu perfil e etiqueta a foto con **Camariñas Mar**. A organización publicará as túas fotos no menor prazo posible, quedando lista para recibir as votacións “gústame” do público.
- En **Instagram:** segue a **@camarinas** e etiqueta as fotografías co hashtag **#camarinasmar**

PREMIOS:

En ningún caso será gañadora a mesma foto nas dúas redes sociais.

- Imaxes gañadoras semanais: Cada semana o xurado elixirá unha foto das subidas ao facebook e outra das de Instagram. Ámbalas dúas recibirán unha bolsa-agasallo “Camariñas, o mar todo” composta por camiseta promocional de Camariñas, dúas entradas para o Museo de Encaixe, dous pases para a Mostra de Encaixes que se celebra en Semana Santa do 2013, e dous billetes para unha visita guiada por Camariñas. As fotos premiadas semanalmente seguirán concursando para os galardóns finais.
- Imaxes gañadoras finais: Serán elixidas polo xurado en cada unha das redes entre as 10 fotos que máis “me gusta” reciban.
 - Primeiros Premios:
Bolsa-agasallo “Camariñas, o mar todo”, aloxamento para dúas persoas durante un fin de semana (2 noites) nun establecemento hostaleiro de Camariñas e unha comida ou cea, a elixir, para dúas persoas nun restaurante de Camariñas.
 - Segundos Premios:
Bolsa-agasallo “Camariñas, o mar todo” e unha comida ou cea, a elixir, para dúas persoas nun restaurante de Camariñas.

Bases del concurso e máis información en www.camarinas.net,
en : www.facebook.com/camarinastodomar o en [@camarinasmar](http://www.instagram.com).